



Título: *Testimonio Visual del Arte: Perspectiva.*
Autor: Alison Cole
Editorial: Blume, Barcelona / 1993
Núm. páginas: 64
Tamaño: 22.5 x 28.5 cms.

Atopámonos cun libro de divulgación que é dunha precisión de datos e dun rigor pouco comúns neste tipo de publicacións. Neste libro preséntanos Alison Cole, de xeito moi ameno, unha análise crítica da loita artística e técnica por conseguir reproducir a visión natural do espacio en toda a súa exactitude. É un paseo polos logros conseguidos desde os artistas do Renacemento, con citas dos mesmos, que explican, de xeito comprensible, as súas obsesións polas imaxes perspectivas. É un adentrarse na perspectiva total, nos seus trazados, nas súas cores, nas súas simboloxías. Móstranos os procedementos e instrumentos ideados para reproducir con maior rigor a visión natural do espacio e presenta unha selección dos máis importantes tratados ó respecto a través da Historia. Todo isto cunhas espléndidas ilustracións que serven de base ós comentarios que realmente desenvolven cada capítulo. Cos estudos dalgunhas obras de arte emblemáticas, como a Trinidade de Masaccio, A Flaxelación de Piero da Francesca ou a

bóveda e a cúpula de Andrea Pozzo na igrexa de San Ignacio de Roma, Alison Cole introducenos, como guía inmellorable, no mundo das representacións artísticas convertidas en testemuños dos saberes dos seus tempos, para despois desembocar nas obras cubistas, futuristas e surrealistas onde segue existindo a perspectiva pero con outra orde, como outra é a nova visión e representación do espacio.

Atendendo ó interese didáctico este libro é un magnífico complemento nas clases de debuxo e arte, sobre todo nas clases de debuxo técnico, onde se adoita explicar a perspectiva atendendo soamente ó seu aspecto de construcción liñal, coma mero xogo de procedementos de trazado co único obxectivo de "saber por unha perspectiva" tales ou cales obxectos ou espacios, sen ocuparse deste aspecto determinante: que é o seu desenvolvemento histórico. Sen estas pautas non poderemos valora-las imaxes espaciais doutras épocas.

Para o traballo que realmente se realiza na aula existen moitos tratados válidos. Con este que comentamos, pódese anima-la ensinanza técnico-artística co sentido perspectivo, como a representación do espacío verosímil suxeito ás tendencias estéticas e artísticas dos tempos como todo feito cultural.

En resumo, un libro recomendable para tódolos interesados na materia.

Javier Vilariño Pintos